

ANEXO III: CURSOS MONOGRÁFICOS

I. COMPETENCIA XERAL. NIVEL A1

Lugar: Central EOI OURENSE

Destinatarios: Público xeral. Principiantes absolutos.

Obxectivos:

- Comprender frases e expresións básicas habituais relacionadas con temas cos que se estea moi familiarizado sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza ou con apoio visual.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.
- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, empregando expresións básicas moi habituais.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns moi sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Contidos:

Presentacións; saúdos e despedidas; desculpas; agradecementos; felicitacións. Afirmar e negar algo. Mostrar acordo e desacordo.

Información persoal: dar e preguntar datos persoais; partes do corpo; estado físico; descrición sinxela física e de personalidade; traballo; a familia; rutina diaria. Clima; números, hora, días da semana, meses, estacións do ano. Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. Datos básicos sobre sociedade, cultura e festividades de países de fala inglesa. Expresar intereses, preferencias e gustos. Viaxar: países, nacionalidades; métodos transporte; aloxamento. Comidas, receitas, cartas de restaurantes e menús. Compras. Vivenda: partes da casa, mobiliario básico. Tempo libre: cine, música, deporte.

Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos.

Materiais:

Usarase material reais tanto orais e/ou impresos sacado de diversas fontes coma vídeos de Internet, fotocopias de libros, da prensa, fichas, xogos ... sobre os distintos temas propostos nestas programación.

Metodoloxía:

Método heteroxéneo que combine actividades de comprensión e produción oral. Presentación de vocabulario. Xogos, role-play e cancións. Interacción en parellas ou grupos pequenos. Preguntas e respostas. Recreacións de posibles situacións. Diversos exercicios de consolidación de estruturas e vocabulario a través de traballo individual na casa ou en parellas e grupos na aula.

Temporalización:

1 curso anual de 60 horas en total (divididas en 54 presenciais e 6 de traballo individual).

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos. A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria exprésarase nos termos de apto/a ou non apto/a. Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

II. COMPETENCIA XERAL. NIVEL A1

Lugar Sección delegada de **O Carballiño**

Destinatarios: Principiantes absolutos.

Obxectivos:

Comprender o significado global e tamén a información esencial de textos escritos e orais de extensión curta, cunha estrutura clara e en lingua estándar sobre temas cotiáns, moi coñecidos e de interese xeral.

Ofrecer ou **solicitar** información complementaria ou aclaracións.

Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela individualmente ou en conversas.

Utilizar e **recoñecer** fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e aos interlocutores.

Producir e **coproducir** textos escritos nun rexistro neutro da lingua estándar con descricións moi sinxelas.

Contidos:

Identificación persoal, actividades cotiáns, relacións familiares e sociais, traballo, tempo libre e ocio, vivenda, datas e clima.

Metodoloxía:

Método heteroxéneo que por unha banda combine actividades de comprensión e expresión escrita e pola outra banda traballarase cun enfoque comunicativo e flexíbel na comprensión e expresión oral. Traballo de vocabulario, estruturas, aspectos sociolingüísticos e estratexias de comunicación. Usaranse diversos tipos de agrupamento e de traballo na aula co fin de favorecer a realización de actividades comunicativas.

A metodoloxía estará centrada no alumnado, nas súas necesidades de aprendizaxe, nos seus intereses e contextos de uso. Fomentarase a autonomía na aprendizaxe.

Materiais:

Usaranse materiais reais tanto orais e/ou impresos sacados de diversas fontes coma vídeos de Internet, fotocopias de libros, da prensa, fichas, xogos ... sobre os distintos temas propostos nestas programación.

Temporalización:

Curso anual de 60 horas, das que 54 serán presenciais e 6 de traballo individual.

Avaliación:

A superación dos cursos para alumnado ordinario e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta de formación complementaria exprésarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

III. COMPETENCIA XERAL. Introduction to the English Language, Understanding and Expression Yourself at A1 Level

Lugar: Sección delegada de **Verín**

Destinatarios: Público en xeral.

Obxectivos

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas a nivel básico para principiantes absolutos.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas comúns.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas.
- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, empregando expresións básicas moi habituais.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás e moi sinxelas, facéndose entender, ofrecendo ou solicitando información básica.

Contidos

- **Primeiro parcial**

- **O alfabeto en inglés:** aprender a pronunciar as letras do alfabeto, deletrear palabras, identificar as letras soltas, identificar as letras de palabras que escoitarán deletreadas.
 - **O verbo to BE:** afirmativa, negativa e interrogativa.
 - **Información persoal:** preguntar e responder a preguntas sobre datos persoais (nome, enderezo sen número,...); *roleplaying* (situacións nas que unha persoa ten que dar os seus datos persoais).
 - **Os números do 0-100, datas:** os números, a idade, a hora (programacións, transporte, ...), os números de teléfonos, os números de identificación persoal (DNI e outros), os prezos (*How much is this/that/these/those?*), o enderezo con número
 - **Os días da semana, meses, estacións do ano:** o calendario
 - **A familia:** identificar a distintos membros dunha familia, preguntar polos datos persoais dunha persoa, preguntar por parentescos (xenitivo Saxon), introdución dos adxectivos posesivos.
 - **O verbo to HAVE:** introdución da terceira persoa dos singular, expresar posesión con membros da familia.
 - **O verbo to WORK e profesións:** introdución de vocabulario referente ó traballo (profesión, horario laboral, ...)
 - **Os adverbios de frecuencia:** colocación na oración (afirmativa e interrogativa) segundo o verbo principal, adverbios de significado positivo e negativo, ...
- **Segundo parcial**
- **As cores e adxectivos básicos:** expresar tamaño, antigüidade, ...
 - **Vivenda:** partes da casa, mobiliario básico (repaso do verbo to HAVE e introdución do verbo to HAVE GOT), introdución ós plurais en inglés.
 - **Expressar preferencias (*love, like, don't like, don't mind, prefer, hate*):** introdución da estrutura
 - **Tempo libre:** actividades de tempo libre, expresar preferencias en canto a actividades de tempo libre
 - **A comida:** introdución dos alimentos máis comúns e expresar as preferencias, expresar que alimentos se inxire en cada comida (*breakfast, lunch, dinner, snack time*)
 - **A rutina diaria:** actividades de rutina diaria, horario diario habitual, ...

Nota: estes contidos poden variar dependendo das preferencias e intereses do alumnado, cuxa opinión se terá moi en conta á hora de preparar as clases.

Metodoloxía

Aplicarase un método heteroxéneo que combine actividades de comprensión oral e actividades de expresión oral: xogos e competicións, presentación de vocabulario, interacción en parellas ou grupos pequenos, preguntas e respostas, recreacións de posibles situacións (*roleplaying*), comprensión oral dun audio ou vídeo moi sinxelo de nivel A1,...

Materiais

- Tarxetas destinadas ó aprendizaxe de nenos nativos (introdución do alfabeto, números, ...)
- Textos escritos adaptados a nivel A1
- Imaxes representativas do vocabulario que se está a traballar, ben de internet ou de libros
- Audios adaptados de libros de probas ou de texto
- Audios e vídeos reais sacados de internet
- Fotocopias variadas que inclúan vocabulario ou puntos gramaticais básicos

Temporalización

Un curso académico, cunha sesión dunha hora semanal. Curso de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual.

Avaliación

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

IV. COMPETENCIA XERAL. NIVEL A2

Lugar Sección delegada de **A Ponte**

Destinatarios: Público en xeral, estea ou non asistindo a algún curso deste nivel de inglés ou distinto e queira reforzar as súas destrezas a nivel básico.

Obxectivos:

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con temas cos que se estea moi familiarizado sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas habituais adecuadas á situación e aos interlocutores.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Contidos:

Información persoal, actividades cotiáns, relacións familiares e sociais, tempo libre e ocio, comida, viaxes, clima, vivenda.

* Estes contidos poden variar dependendo das preferencias e intereses do alumnado.

Metodoloxía:

Método heteroxéneo que combine práctica de todas as actividades de lingua, favorecendo a comprensión e expresión oral. Traballo de vocabulario, estruturas, aspectos sociolingüísticos e estratexias de comunicación. Interacción en parellas ou grupos pequenos, preguntas e respostas, e recreacións de posibles situacións co fin de favorecer a realización de actividades comunicativas.

A metodoloxía estará centrada no alumnado, nas súas necesidades de aprendizaxe, nos seus intereses e contextos de uso.

Fomentarase a autonomía na aprendizaxe.

Materiais:

Empregarase material de apoio tanto para a expresión e comprensión oral como para as actividades de comprensión e expresión escrita: audios e vídeos de Internet, fotocopias con actividades de vocabulario ou gramática básica, fichas, xogos, etc. sobre os distintos temas propostos nesta programación para o nivel A2.

Temporalización:

Curso anual de 60 horas, das que 54 serán presenciais e 6 de traballo individual. As sesións presenciais terán lugar os xoves de 16:00 a 18:00 horas.

Avaliación:

A superación dos cursos para alumnado ordinario e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta de formación complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

V. COMPETENCIA XERAL NIVEL A2: Further Introduction to the English Language, Understanding and Expression Yourself at A2 Level

Lugar: Sección Delegada de Verín

Destinatarios: Público en xeral.

Obxectivos

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas a nivel básico para principiantes cun nivel baixo de coñecemento do idioma.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas comúns.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas.

- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, empregando expresións básicas moi habituais.

- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás e moi sinxelas, facéndose entender, ofrecendo ou solicitando información básica.

Contidos

➤ Primeiro parcial

- Revisión do curso de A1 do curso pasado (gramática e vocabulario).
- O verbo to BE: afirmativa, negativa e interrogativa. O seu uso como verbo principal e como verbo auxiliar no Presente Continúo.
- A rutina diaria e accións ocasionais/ou no momento de falar: diferenza entre o Presente Simple e o Presente Continúo en inglés. O uso dos adverbios e expresións adverbiais asociadas a cada tempo verbal.
- A familia: identificar a distintos membros dunha familia, preguntar polos datos persoais dunha persoa, preguntar por parentescos (xenitivo Saxon), repaso dos adxectivos posesivos e introdución dos pronomes posesivos.
- O verbo to HAVE e o verbo HAVE GOT: repaso das similitudes e diferenzas gramaticais e sintácticas. Uso de ambos segundo o contexto no que se fala (revisión do vocabulario da casa e mobles, roupa, ...).
- As profesións: introdución de vocabulario referente ó traballo (profesión, horario laboral, ...). Falar sobre o traballo de un, a súa rutina, horario, ...
- A cidade e dar indicacións: diferentes edificacións e zonas dunha cidade, descrición de una cidade e da paisaxe urbana, dar indicacións de como chegar a distintas partes da cidade, ...

➤ Segundo parcial

- Viaxar e aloxamento: vocabulario relacionado cas viaxes (medios de transporte, aloxamento, monumentos, ...) e expresións de utilidade para viaxar. Países, nacionalidades, linguas, ...
- O Pasado Simple: o seu uso, contexto, diferenzas entre verbos regulares e irregulares. Adverbios e expresións adverbiais asociadas a este tempo verbal.
- Falar sobre o pasado: falar sobre a súa vida pasada e actividades relacionadas co vocabulario que xa coñecen (comida, viaxes, posesións, ...).
- O Pasado Continúo: o seu uso, contexto, ... a diferenza gramatical e semántica entre ambos os dous. Adverbios e expresións adverbiais asociadas a este tempo verbal.

- O Presente Perfecto: introdución a este tempo verbal, o seu uso, contexto, ...
Adverbios e expresións adverbiais asociadas a este tempo verbal. A diferenza a nivel gramatical e semántico entre o Pasado Simple e o Presente Perfecto.

Nota: estes contidos poden variar dependendo das preferencias e intereses do alumnado, cuxa opinión se terá moi en conta á hora de preparar as clases.

Metodoloxía

Aplicarase un método heteroxéneo que combine actividades de comprensión oral e actividades de expresión oral: xogos e competicións, presentación de vocabulario, interacción en parellas ou grupos pequenos, preguntas e respostas, recreacións de posibles situacións (*roleplaying*), comprensión oral dun audio ou vídeo sinxelo de nivel A2,...

Materiais

- Tarxetas destinadas ó aprendizaxe de nenos nativos (introdución do alfabeto, números, ...)
- Textos escritos adaptados a nivel A2
- Imaxes representativas do vocabulario que se está a traballar, ben de internet ou de libros
- Audios adaptados de libros de probas ou de texto
- Audios e vídeos reais sacados de internet
- Fotocopias variadas que inclúan vocabulario ou puntos gramaticais básicos

Temporalización

Un curso académico, cunha sesión dunha hora semanal. Curso de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual.

Avaliación

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

VI. COMPETENCIA XERAL NIVEL A2:

Lugar: Sección Delegada de O Carballiño

Destinatarios: Publico en xeral.

Obxectivos

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas a nivel básico para principiantes cun nivel baixo de coñecemento do idioma.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas comúns.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas.
- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, empregando expresións básicas moi habituais.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás e moi sinxelas, facéndose entender, ofrecendo ou solicitando información básica.

Contidos Léxicos:

Información persoal: dar e preguntar datos persoais; saúdos e despedidas; partes do corpo; estado físico; descrición física e de personalidade; traballo; a familia; rutina diaria.

Datas, clima: números, hora, días da semana, meses, estacións do ano, fenómenos meteorolóxicos.

Viaxar: países, nacionalidades; métodos transporte, compra de billetes, horarios; aloxamento.

Restaurantes: comida, receitas típicas dos países de fala inglesa; facer pedidos, menús,

Compras: tipos de tendas, roupa.

De visita: direccións, lugares típicos.

Vivenda: partes da casa, mobiliario básico, tipos de vivendas.

Tempo libre: cine, música, literatura, deporte.

Nota: Estes contidos poden variar dependendo das preferencias e intereses do alumnado, cuxa opinión terase moi en conta á hora de preparar as clases.

Contidos gramaticais:

- O verbo to BE: afirmativa, negativa e interrogativa. O seu uso como verbo principal e como verbo auxiliar no Presente Continúo.
- O verbo to HAVE e o verbo HAVE GOT: repaso das similitudes e diferencias gramaticais e sintácticas. Uso de ambos segundo o contexto no que se fala (revisión do vocabulario da casa e mobles, roupa, ...).
- O Pasado Simple: o seu uso, contexto, diferencias entre verbos regulares e irregulares. Adverbios e expresións adverbiais asociadas a este tempo verbal.
- O Pasado Continuo: o seu uso, contexto, ... a diferenza gramatical e semántica entre ambos os dous. Adverbios e expresións adverbiais asociadas a este tempo verbal.

Nota: estes contidos poden variar dependendo das preferencias e intereses do alumnado, cuxa opinión se terá moi en conta á hora de preparar as clases.

Metodoloxía

Aplicarase un método heteroxéneo que combine actividades de comprensión oral e actividades de expresión oral: xogos e competicións, presentación de vocabulario, interacción en parellas ou grupos pequenos, preguntas e respostas, recreacións de posibles situacións (*roleplaying*), comprensión oral dun audio ou vídeo sinxelo de nivel A2.

Materiais

- Tarxetas destinadas á aprendizaxe de nenos nativos (introdución do alfabeto, números, ...)
- Textos escritos adaptados a nivel A2
- Imaxes representativas do vocabulario que se está a traballar, ben de internet ou de libros
- Audios adaptados de libros de probas ou de texto
- Audios e vídeos reais sacados de internet
- Fotocopias variadas que inclúan vocabulario ou puntos gramaticais básicos

Temporalización

Un curso académico, cunha sesión dunha hora semanal. Curso de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual.

Avaliación

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

VII. COMPETENCIA XERAL. NIVEL B1

Lugar: Sede central de Ourense

Destinatarios: Público en xeral, estea ou non asistindo a algún curso deste nivel de inglés ou distinto e queira reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

- **Comprender** o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media sobre asuntos cotiáns, habituais ou de interese, tanto a nivel oral coma a nivel escrito.
- **Producir e coproducir** textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns en secuencias lineais, onde se contén experiencias sinxelas, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- **Mediar** entre falantes da lingua meta, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns.
- **Dar** información sobre a identificación e a caracterización persoal e sobre temas xerais de saúde.
- **Resolver** nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...)
- **Pedir** un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.
- **Escribir** notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

- **Realizar** presentacións simples e curtas sobre un tema coñecido preparado con anterioridade.

Contidos:

En xeral, abordaranse temas que aparecen na programación do nivel B1 así como temas de actualidade ou de interese para o alumnado. Algúns dos temas propostos serán:

Información persoal: presentacións.

Tipos de escolas: vocabulario relacionado coa escola, U.K./ U.S. English.

Alimentación, saúde e coidados físicos: dieta, nutrición e gastronomía.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: natureza, ecoloxía e problemas ambientais.

Familia: vocabulario relacionado coa familia.

Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet.

Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais.

Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo.

Viaxes e transportes: vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias; vivenda, fogar e contorna.

Países de fala inglesa: datos básicos sobre sociedade, cultura, festividades, lugares máis importantes.

* Estes contidos poden variar dependendo das preferencias e intereses do alumnado, cuxa opinión terase moi en conta á hora de preparar as clases.

Metodoloxía:

Aplicarase un método heteroxéneo que combine actividades de comprensión oral e actividades de expresión oral: presentación de vocabulario, interacción en parellas ou grupos pequenos, preguntas e respostas, recreacións de posibles situacións, comprensión oral dun audio ou vídeo, debates...

Materials:

Titulares de prensa ou televisión

Imaxes e vídeos sacados de internet e redes sociais

Audios adaptados de libros de probas ou de texto

Fotocopias variadas que inclúan vocabulario ou puntos gramaticais básicos

Temporalización:

Dous grupos diferentes dunha duración dun curso académico, cunha sesión de 2 horas semanais. Cursos de 60 horas, das que 54 serán presenciais e 6 de traballo individual.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

VIII. COMPETENCIA XERAL. NIVEL B1

Lugar: Sección delegada de **O Carballiño**.

Destinatarios: Público en xeral, estea ou non asistindo a algún curso deste nivel de inglés ou distinto e queira reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

Acadar unha boa fluidez, correcta pronuncia e entoación correspondentes ao nivel B1 do MCERL.

Expresar as súas ideas de forma coherente e dándolle cohesión ao discurso empregando conectores propios do nivel, tanto na escrita como na fala.

Utilizar con corrección, na fala e na escrita, estruturas gramaticais e léxico propios deste nivel.

Mediar entre falantes da lingua meta, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns.

Resolver problemas que poidan xurdir nunha situación comunicativa, tales como repetir información ou parafrasear ou utilizar sinónimos para aclarar o contido que se quere transmitir.

Contidos:

Viaxes e transportes: vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias, medios de transporte; vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro;

Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, desastres naturais; **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía; **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais; **Traballo.**

Metodoloxía:

De tipo comunicativa no que se practicarán actividades de comprensión e expresión principalmente orais a través de actividades que fomenten a participación activa durante as distintas sesións.

Actividades:

- Presentación do tema (vocabulario, imaxe, ice-breaker...)
- Comprensión oral de audios e vídeos.
- Debate en parella e en grupo.
- Brainstorming.
- Roleplays, simulacións.
- Xogos.

Materiais:

Materiais reais tanto orais e/ou impresos sacado de diversas fontes coma vídeos de Internet, podcasts, fotocopias de libros, fichas, xogos... sobre os distintos temas propostos nestas programación: viaxes, clima, compras etc.

Temporalización:

Curso anual de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

IX. COMPETENCIA XERAL. Understanding and Expressing Yourself at B1 Level

Lugar: Sección delegada de Verín

Destinatarios: Público en xeral

Obxectivos

- Acadar unha boa fluidez, corrección de pronunciación e de entoación correspondentes ao nivel B1 do MCERL
- Intercambiar información clara e precisa
- Expresar as súas ideas de forma coherente e dándolle cohesión ao discurso empregando conectores propios do nivel
- Empregar con corrección estruturas gramaticais e léxico propios deste nivel
- Explicar a través de exemplos ou sinónimos cando non se sabe a palabra necesaria
- Poder introducir un tema para falar e debater

Contidos:

- Primeiro parcial
 - Introducción ao curso
 - Conectores do nivel e a súa colocación nas estruturas gramaticais (aproveitarase para revisar estas)
 - Expresar acordo e desacordo (*I agree with you, I don't agree with you, ...*)
 - Frases de transición (*I mean, I believe, I would say, ...*)
 - *Dar exemplos (for example, for instance, as you can see, ...)*
 - *Comparar (past-present, present-present)*
 - Temas de actualidade (prensa escrita e dixital en lingua inglesa, redes sociais, publicidade, ...) de interese para o alumnado
- Segundo parcial
 - Temas propostos polos alumnos ben relacionados ca actualidade ou do seu interese persoal (primeira clase do segundo parcial). Os alumnos votarán ao final da clase o tema para a semana seguinte para así preparar vocabulario, a súa opinión, ...

Metodoloxía:

- Presentación e introdución do tema (*debuxo, tira cómica, escena dunha película, ...*)
- *Brainstorming* de vocabulario
- Comprensión oral de un audio/video
- Preguntas e respostas
- Interactuar en parellas, grupos pequenos e a nivel de clase
- Enquisas
- Debates

Actividades

Cada unidade tratarase seguindo esta orde:

1. O grupo terá que por en común vocabulario que coñecen relacionado co tema (*brainstorming*). Na primeira parte do curso, despois completarán con palabras que non coñecen ben empregando un dicionario ou páxinas web relacionadas co tema. Na segunda parte, poderán traer o vocabulario preparado da casa unha vez teñan escollido o tema e só se porá en común.
1. Traballarase a comprensión oral ao inicio e final de cada unidade, ben usando un audio ou un video relacionado ca temática a tratar. O primeiro audio será máis sinxelo (A2-A2+/B1-), a modo de introdución. Os asistentes terán que completar distintas tarefas, dependendo do tema:
 - a. Verdadeiro – Falso
 - b. Completar con palabras
 - c. Opción Múltiple
2. Empregando o material do tema de introdución, os asistentes comezarán a falar e debater do tema a tratar, primeiro en grupos de 2-3 persoas e despois a nivel de clase.
3. Debate a favor e en contra: o grupo dividirase en dúas partes e cada una defenderá unha postura.
4. Segunda actividade de comprensión oral (de nivel B2) cunha tarefa distinta a outra feita ao comezo do tema.

Materiais

- Titulares de prensa, portadas ou televisión
- Imaxes sacadas de internet (revistas, periódicos, tiras cómicas,...)

- Audios reais sacados de internet
- Videos reais sacados de internet
- *Podcasts*
- Audios adaptados de libros
- Audios adaptados de revistas, coma o *Speak Up* ou *English Matters*.
- Extractos de películas
- Dicionarios en formato dixital ou tradicional.

Temporalización:

Cada clase terá unha duración de 1 hora semanal.

Cada unidade tratarase ao longo de 2-3 clases.

Avaliación

Os asistentes serán avaliados por dúas presentacións que terán que facer.

Ao final do primeiro parcial (mes de febreiro), cada alumno/a fará unha presentación de 5 minutos sobre un dos temas tratados. Ademais, terá que entregar unha actividade de comprensión oral (preguntas, verdadeiro-falso, completar con palabras, ...) para repartir entre os demais asistentes para que cubran durante a presentación. Esta actividade entregárase na semana anterior as presentacións para ser corrixiada pola profesora.

Ao final do segundo parcial (mes de maio), cada alumno/a fará unha segunda presentación sobre un tema da súa propia elección (7-8 minutos). Terá que facer entrega dunha actividade de comprensión oral para os demais asistentes. Esta actividade entregárase con antelación para ser corrixiada pola profesora.

Estas dúas presentacións servirán para avaliar se cada asistente acadou os obxectivos iniciais.

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresárase nos termos de apto/a ou non apto/a.

X. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL E PRONUNCIA NIVEL B1: Inglés para turismo e viaxes

Lugar: Sede central de **Ourense**

Destinatarios: Público en xeral e alumnado que estea matriculado en calquera dos cursos que se imparten na escola.

Obxectivo xeral:

Capacitar o alumnado nas destrezas orais para que poida desenvolverse na maioría das situacións que poden xurdir cando viaxa por lugares en que se utiliza o idioma tanto como lingua materna como lingua vehicular; no establecemento e mantemento de relacións persoais e sociais con usuarios e usuarias doutras linguas, tanto cara a cara como a través de medios técnicos; e noutro tipo de ámbitos ocupacionais nos cales se producen sinxelos intercambios de carácter factual con falantes doutras linguas.

Obxectivos específicos:

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, que traten de asuntos cotiáns ou coñecidos, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses no que respecta a viaxes, turismo, e transaccións habituais neses contextos.

Comprender con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas á realización de actividades cotiáns, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos públicos.

Entender, en transaccións e xestións cotiáns e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (p. ex. no caso dunha reclamación no aeroporto).

Facer presentacións preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías...), sobre un tema relacionado co curso coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou.

Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo.

Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema.

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa temática do curso.

Dar opinión e argumentar en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Comprender con suficiente detalle, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a medios de transporte, edificios administrativos, sinalizacións nas rúas ou en mapas.

Completar un cuestionario con información persoal breve e sinxela relativa a datos básicos, intereses, afeccións, formación ou experiencia profesional, ou sobre preferencias, gustos ou opinións sobre produtos, servizos, actividades ou procedementos coñecidos ou de carácter cotián.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

Mediar en situacións cotiás e menos habituais (unha visita médica, xestións administrativas sinxelas...), escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.

Contidos:

Coñecemento dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá; condicións de vida; relación interpersoais; quinésica e proxémica; cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimoniais, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social) dos países de fala inglesa e doutras culturas do mundo.

Recoñecemento, comprensión e produción dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos.

Léxico oral de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amigos; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación

e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

Metodoloxía:

Metodoloxía dinámica, activa e con énfase na gamificación e no traballo das destrezas orais. Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral así como exercicios que favorezan a práctica das destrezas orais do alumnado a partir de materiais e temáticas relacionadas co turismo, viaxes e diferentes culturas. Ademais, a partir de actividades específicas para reforzar e reflexionar sobre os aspectos fonéticos e fonolóxicos que supoñan maior dificultade para os estudantes, realizarase práctica oral para afianzar a pronuncia e deste xeito mellorar a comprensibilidade e seguridade do falante na lingua meta. O uso de materiais reais facilitará a adquisición de coñecementos o alumnado, á vez que axuda a aumentar a súa motivación ao ver unha utilidade real da nova lingua en situacións e contextos habituais cando viaxan.

Actividades:

Actividades dinámicas e xogos que fomenten a práctica oral e permitan ao alumnado reflexionar sobre os aspectos a traballar na sesión.

Materiais:

Internet, CDS , fotocopias, periódicos e revistas tratando temas de distintos rexistros e grados de formalidade e informalidade que se adecúen ao nivel. Uso de materiais e xogos de creación propia que fomenten a práctica dos contidos propios do nivel.

Temporalización:

Haberá dous cursos anuais cunha sesión de 1 hora semanal. Curso de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual. As sesións terán lugar os luns de 10:00 a 11:00 ou os mércores de 16:00 a 17:00 e as clases comezarán os día 23 e 25 de setembro respectivamente.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

Ao final do curso realizarase un exercicio de comprensión e expresión oral coa finalidade de valorar o progreso do alumnado así como una breve presentación oral.

XI. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL E PRONUNCIA NIVEL B1: Inglés para turismo e viaxes

Lugar Sección delegada de **O Barco**

Destinatarios: Público en xeral con algún coñecemento de inglés.

Obxectivos:

Comprender o significado global e tamén a información esencial de textos escritos e orais (folletos, anuncios publicitarios, guías turísticas...) de extensión curta, cunha estrutura clara e en lingua estándar sobre temas relacionados cunha viaxe.

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, aluguer dun coche, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Solicitar información complementaria ou aclaracións.

Utilizar e **recoñecer** fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e aos interlocutores.

Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte, problemas de saúde ...).

Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

Pedir e **comprender** indicacións para chegar a un destino.

Comprender descricións claras e directas de acontecementos, obxectos, lugares.

Cubrir impresos e formularios -seguindo modelos que requiran datos persoais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

Redactar e-mails formais breves para solicitar información, por exemplo solicitar información sobre servizos dun hotel.

Contidos:

Identificación persoal, comida, transporte, aloxamento, compras, indicacións, saúde, ocio.

Metodoloxía:

Realizaranse principalmente actividades de comprensión e expresión oral pero tamén se farán actividades que introduzan vocabulario, estruturas e estratexias de comunicación.

Usaranse diversos tipos de agrupamento e de traballo na aula co fin de favorecer a realización de actividades comunicativas. Ademais, fomentárase a autonomía na aprendizaxe co uso de actividades interactivas a través da aula virtual.

Materiais:

Usarase material tanto oral como impreso sacado de diversas fontes coma vídeos de Internet, fotocopias de libros, xogos, actividades interactivas... sobre os distintos temas propostos nesta programación.

Temporalización:

Curso anual de 30 horas, das cales 27 serán presenciais e 3 de traballo individual.

Avaliación:

A superación dos cursos para alumnado ordinario e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta de formación complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar unha presentación de 5 – 10 minutos a finais de curso; o alumnado organizará unha viaxe a un país de fala inglesa (destino, momento e duración da viaxe, aloxamento, medios de transporte, os lugares que visitará...).

XII. COMPETENCIA XERAL. NIVEL B2.1

Lugar: Sede central de **Ourense**

Destinatarios: Público en xeral e alumnado que estea matriculado en calquera dos cursos que se imparten na escola.

Obxectivos:

Comprender textos orais e escritos sobre temas cotiáns e de interese xeral, de extensión media cunha estrutura clara.

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

Pedir información, e explicar brevemente un problema.

Dar opinión e argumentar en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Expresar puntos de vista con claridade.

Facer preguntas sobre un tema coñecido.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

Tomar notas na aula sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

Facer comentarios escritos sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

Contidos:

Actividades artísticas e culturais: cine, televisión, literatura, música, teatro; Información e medios de comunicación; Clima, ecoloxía e problemas ambientais; Información e medios de comunicación; Relacións humanas e sociais; Traballo e profesión; Tempo libre e actividades de lecer; Saúde e coidados físicos; Viaxes e transportes.

Metodoloxía:

Método heteroxéneo que combine actividades de comprensión e expresión principalmente orais. Presentación de vocabulario e contidos gramaticais. Interacción en parellas ou grupos pequenos. Preguntas e respostas. Recreacións de posibles situacións.

Actividades:

Usaranse materiais impresos e/ou visualizados na pantalla dixital para iniciar conversas e debates. Tamén se escoitarán conversas en formato vídeo ou audio e haberá algunha proba de comprensión oral posterior. A continuación dialogarase sobre o escoitado dando a súa opinión persoal ou facendo debates. Estes debates poden ser espontáneos ou se pode asignar un papel aos participantes.

Materiais: Usarase material reais tanto orais e/ou impresos sacado de diversas fontes coma vídeos de Internet, fotocopias de libros, da prensa, fichas, xogos... sobre os distintos temas propostos nestas programación: saúde, viaxes, clima, tecnoloxía...

A inmensa maioría dos materiais serán sacados de internet e tratarán de asuntos variados que estean de actualidade nese momento.

Unha pequena parte do material usado será material usado no pasado en probas de certificación do nivel B2, tanto en Galicia como noutras comunidades autónomas, que cada administración educativa deixa a disposición dos alumnos nas páxinas de internet das diversas consellerías de educación.

O obxectivo é ir conducindo aos alumnos para achegarse ao nivel B2, inda que o curso monográfico B2.1 está nun nivel lixeiramente inferior ao de certificación.

Temporalización:

Durante o curso 2024-25 haberá dous cursos anuais cunha sesión semanal de dúas horas e unha duración total de 60 horas, das que 54 serán presenciais e 6 de traballo individual.

Avaliación:

A superación dos cursos para alumnado ordinario e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresárase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

Durante todo o curso faranse varios exercicios de comprensión e expresión oral e escrita para ver a situación e evolución a nivel lingüístico dos alumnos.

Ao final do curso realizarase un exercicio de comprensión e expresión oral e escrita coa finalidade de valorar o progreso dos alumnos.

XIII. COMPETENCIA XERAL. NIVEL B2

Lugar: Sección Delegada de **A Ponte** .

Destinatarios: Público en xeral, estea ou non asistindo a algún curso deste nivel de inglés ou distinto e queira reforzar as súas destrezas a nivel intermedio.

Obxectivos:

Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor; exposicións complexas sobre temas coñecidos; películas, series e programas de actualidade.

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

Mediar entre falantes da lingua meta, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.

Elaborar comentarios en blogs, artigos de opinión, reseñas de libros ou películas, tarefas de interacción escrita como cartas, emails etc.

Contidos:

Educación e formación: estudos e opcións laborais; familia: tipos de familia, educación na casa; saúde: medicina tradicional e alternativa; viaxes: vacacións alternativas, problemas e incidencias; medioambiente: clima, ecoloxía e problemas ambientais; actividades artísticas: música, literatura, cine e teatro;

Metodoloxía:

De tipo comunicativa que fomenten a participación activa durante as distintas sesións. Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral e algunha de comprensión e expresión escrita así como exercicios de vocabulario previos ás actividades de expresión para facilitar as mesmas. Tamén se escoitarán conversas, instrucións, exposicións etc. en formato vídeo ou audio e haberá algunha proba de comprensión oral posterior. O alumnado participará en conversas e debates sobre os contidos tratados expresando opinión persoal e practicando a argumentación. Esporadicamente realizaranse actividades de comprensión e expresión escrita relacionadas cos temas tratados nas sesións.

Materiais: Usarase material real tanto impreso como de audio sacado de diversas fontes coma vídeos de Internet, fotocopias de libros, artigos de prensa, fichas, xogos... sobre os distintos temas propostos nesta programación: educación, saúde, viaxes, clima, tecnoloxía etc.

Temporalización:

Curso anual de 60 horas, das que 54 serán presenciais e 6 de traballo individual. As sesións terán lugar os mércores de 18:00 a 20:00 horas.

Cada tema tratarase en distinto número de sesións dependendo do interese do alumnado. As unidades temáticas propostas intercalaranse con temas escollidos polo alumnado relacionados con asuntos de actualidade ou cos seus intereses.

Avaliación:

A superación dos cursos para público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa.

XIV. COMPETENCIA XERAL. NIVEL B2

Lugar: Sección Delegada de **O Carballiño**.

Destinatarios: Público en xeral, estea ou non asistindo a algún curso deste nivel de inglés ou distinto e queira reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor; exposicións complexas sobre temas coñecidos; películas, series e programas de actualidade.

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

Mediar entre falantes da lingua meta, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.

Facer preguntas na aula sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

Tomar notas na aula sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

Facer comentarios en blogs, artigos de opinión, reseñas de libros ou películas, tarefas de interacción escrita como cartas, emails etc.

Contidos:

Actividades artísticas: música e danza, literatura, fotografía, cine e teatro; ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos; clima, condicións atmosféricas e ambiente: ecoloxía e problemas ambientais; información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, internet; política e sociedade: conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais; saúde e coidados físicos: sensacións e percepcións físicas, medicina tradicional e alternativa, estética; tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais; traballo e profesión: desemprego e procura de traballo, condicións laborais; viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias etc.

Metodoloxía:

De tipo comunicativa que fomenten a participación activa durante as distintas sesións. Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral e algunha de comprensión e expresión escrita así como exercicios de vocabulario previos ás actividades de expresión para facilitar as mesmas. Nas actividades de expresión oral o alumnado realizará monólogos e interaccións para reforzar os contidos e estruturas tratadas nese nivel.

Actividades:

Usaranse materiais impresos e/ ou visualizados no proxector para iniciar conversas e debates. Tamén se escoitarán conversas, instrucións, exposicións etc. en formato vídeo ou audio e haberá algunha proba de comprensión oral posterior. A continuación

dialogarase sobre o escoitado dando a súa opinión persoal ou facendo debates. Estes debates poden ser espontáneos ou se pode asignar un papel aos participantes. Esporadicamente realizaranse tamén probas de comprensión e expresión escrita relacionados cos temas tratados nas sesións.

Materiais: Usarase material real tanto impreso como de audio sacado de diversas fontes coma vídeos de internet, fotocopias de libros, artigos de prensa, fichas, xogos... sobre os distintos temas propostos nesta programación: saúde, viaxes, clima, tecnoloxía etc.

Temporalización:

Curso anual de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual.

Cada tema tratarase nunha ou dúas sesións dependendo do interese do alumnado. As unidades temáticas propostas intercalaranse con temas escollidos polo alumnado relacionados con asuntos de actualidade ou cos seus intereses. Reservaranse unha ou dúas sesións para presentacións orais que o alumnado preparará sobre os temas tratados no curso.

Avaliación:

A superación dos cursos para público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

O alumnado será avaliado de forma continua en base a súa participación na aula e de xeito sumativo a través dunha presentación individual final.

XV. COMPETENCIA XERAL. Understanding and Expressing Yourself at B2 Level

Lugar: Sección Delegada de Verín

Destinatarios: Público en Xeral que desexe mellorar a súa Comprensión e Expresión Oral a Nivel B2

Obxectivos:

- Acadar unha boa fluidez, corrección de pronunciación e de entoación correspondentes ao nivel B2 do MCERL
- Intercambiar información clara e precisa
- Expresar as súas ideas de forma coherente e dándolle cohesión ao discurso empregando conectores propios do nivel
- Empregar con corrección estruturas gramaticais e léxico propios deste nivel
- Explicar a través de exemplos ou sinónimos cando non se sabe a palabra necesaria
- Poder introducir un tema para falar e debater

Contidos:

- Primeiro parcial
 - Introducción ao curso
 - Conectores do nivel e a súa colocación nas estruturas gramaticais (aproveitarase para revisar estas)
 - Expresar acordo e desacordo (*I agree with you, I don't agree with you, ...*)
 - Frases de transición (*I mean, I believe, I would say, ...*)
 - *Dar exemplos (for example, for instance, as you can see, ...)*
 - *Comparar (past-present, present-present)*
 - Temas de actualidade (prensa escrita e dixital en lingua inglesa, redes sociais, publicidade, ...)
- Segundo parcial
 - Temas propostos polos alumnos ben relacionados ca actualidade ou do seu interese persoal (primeira clase do segundo parcial). Os alumnos votarán ao final da clase o tema para a semana seguinte para así preparar vocabulario, a súa opinión, ...
 -

Metodoloxía:

- Presentación e introdución do tema (*debuxo, tira cómica, escena dunha película, ...*)
- *Brainstorming* de vocabulario
- Comprensión oral de un audio/video
- Preguntas e respostas
- Interactuar en parellas, grupos pequenos e a nivel de clase
- Enquisas

- Debates

Actividades

Cada unidade tratarase seguindo esta orde:

1. O grupo terá que por en común vocabulario que coñecen relacionado co tema (*brainstorming*). Na primeira parte do curso, despois completarán con palabras que non coñecen ben empregando un dicionario ou páxinas web relacionadas co tema. Na segunda parte, poderán traer o vocabulario preparado da casa unha vez teñan escollido o tema e só se porá en común.
1. Traballarase a comprensión oral ao inicio e final de cada unidade, ben usando un audio ou un video relacionado ca temática a tratar. O primeiro audio será máis sinxelo (B1-B1+), a modo de introdución. Os asistentes terán que completar distintas tarefas, dependendo do tema:
 - a. Verdadeiro – Falso
 - b. Completar con palabras
 - c. Opción Múltiple
2. Empregando o material do tema de introdución, os asistentes comezarán a falar e debater do tema a tratar, primeiro en grupos de 2-3 persoas e despois a nivel de clase.
3. Debate a favor e en contra: o grupo dividirase en dúas partes e cada una defenderá unha postura.
4. Segunda actividade de comprensión oral (de nivel B2) cunha tarefa distinta a outra feita ao comezo do tema.

Materiais

- Titulares de prensa, portadas ou televisión
- Imaxes sacadas de internet (revistas, periódicos, tiras cómicas,...)
- Audios reais sacados de internet
- Videos reais sacados de internet
- *Podcasts*
- Audios adaptados de libros
- Audios adaptados de revistas, coma o *Speak Up* ou *English Matters*.
- Extractos de películas
- Dicionarios en formato dixital ou tradicional.

Temporalización:

Cada clase terá unha duración de 1 hora semanal.

Cada unidade tratarase ao longo de 2-3 clases.

Avaliación

Os asistentes serán avaliados por dúas presentacións que terán que facer.

Ao final do primeiro parcial (mes de febreiro), cada alumno/a fará unha presentación de 5 minutos sobre un dos temas tratados. Ademais, terá que entregar unha actividade de comprensión oral (preguntas, verdadeiro-falso, completar con palabras, ...) para repartir entre os demais asistentes para que cubran durante a presentación. Esta actividade entregarase na semana anterior as presentacións para ser corrixiada pola profesora.

Ao final do segundo parcial (mes de maio), cada alumno/a fará unha segunda presentación sobre un tema da súa propia elección (7-8 minutos). Terá que facer entrega dunha actividade de comprensión oral para os demais asistentes. Esta actividade entregarase con antelación para ser corrixiada pola profesora.

Estas dúas presentacións servirán para avaliar se cada asistente acadou os obxectivos iniciais.

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

XVI. COMPETENCIA XERAL. NIVEL C1.1

Lugar: Sede central de **Ourense**

Destinatarios: Público en xeral estea ou non matriculado nun curso ordinario da EOI co obxectivo de reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaración, mensaxes, anuncios e avisos detalladas, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

Comprender artigos xornalísticos de certa lonxitude e de temas de actualidade sendo quen de extraer e explicar as ideas principais e secundarias de xeito oral ou por escrito.

Facer declaración públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentación claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinión con

precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

Contidos:

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permiten ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.

Sociolingüísticos: Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Estratéxicos: Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándoos do proceso dun xeito activo.

Funcionais: Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

Discursivos: Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Sintácticos: Fan referencia ás capacidades do alumnado a hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

Léxicos: Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

Metodoloxía:

Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral e algunha de comprensión e expresión escrita así como exercicios de vocabulario para facilitar o debate nos temas a tratar. Nas actividades de expresión oral o alumnado realizará monólogos e

interaccións para reforzar os contidos e estruturas tratadas neste nivel e repasar os de niveis anteriores.

Actividades:

Empregaranse fotocopias e trataranse temas de páxinas web para conversas e debates. escoitaranse audicións e posteriormente realizaranse exercicios de comprensión sobre os cales dialogarán. Leranse artigos xornalísticos de actualidade e debaterase sobre eles. Ao comezo de cada sesión, os alumnos contarán unha nova de actualidade.

Materiais:

Internet, CDS , fotocopias, periódicos e revistas tratando temas de distintos rexistros e grados de formalidade e informalidade que se adecúen ao nivel C1.

Facilitaranse os enlaces de onde se saquen as actividades que serán editadas e adaptadas ao nivel.

Temporalización:

Haberá dous cursos anuais cunha sesión semanal de dúas horas e unha duración de 60 horas cada un (das cales, 54 serán presenciais e 6 de traballo individual).

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Ao final do curso o alumnado deberá realizar unha presentación individual na aula sobre un tema determinado que irá seguida dun debate no que participará todo o grupo.

XVII. COMPETENCIA XERAL. NIVEL C1.2

Lugar: Sede central de **Ourense**

Destinatarios: Público en xeral estea ou non matriculado nun curso ordinario da EOI co obxectivo de reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaración, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversas e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e filmes que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

Comprender artigos xornalísticos de certa lonxitude e de temas de actualidade sendo quen de extraer e explicar as ideas principais e secundarias de xeito oral ou por escrito.

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, afastándose cando for preciso do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversas formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou

humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

Contidos:

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permiten ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.

Sociolingüísticos: Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Estratéxicos: Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

Funcionais: Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

Discursivos: Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto no que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Sintácticos: Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

Léxicos: Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

Metodoloxía:

Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral e algunha de comprensión e expresión escrita así como exercicios de vocabulario para facilitar o debate nos temas a tratar. Nas actividades de expresión oral o alumnado realizará monólogos e interaccións para reforzar os contidos e estruturas tratadas neste nivel e repasar os de

niveis anteriores. Promoverase a conceptualización de temas abstractos e complexos mediante o diálogo e o debate entre compañeiros/as sobre temas de interese.

Actividades:

Empregaranse fotocopias e trataranse temas de páxinas web para conversas e debates. escoitaranse audicións e posteriormente realizaranse exercicios de comprensión sobre os cales se dialogará. Leranse artigos xornalísticos de actualidade e debaterase sobre eles. Trataranse novas de actualidade. Empregaranse cancións na lingua de traballo que susciten o desenvolvemento das destrezas de comprensión oral e temáticas de debate vencelladas. Faranse xogos que motiven a aprendizaxe lúdica da lingua.

Materiais:

Internet, vídeos, cancións, xogos, fotocopias, xornais e revistas que traten temas de distintos rexistros e graos de formalidade e informalidade que se adecúen ao nivel C1. Facilitaranse as ligazóns de onde se extraían as actividades que serán editadas e adaptadas ao nivel. Contarase igualmente cos recursos que fornece a aula virtual da EOI (Moodle) para seguiren os/as non presentes as temáticas tratadas semanalmente e, hipoteticamente, podería facerse uso da ferramenta de videoconferencias Webex en casos de forza maior.

Temporalización:

Haberá dous cursos anuais cunha sesión semanal de dúas horas e unha duración de 60 horas cada un (das cales, 54 serán presenciais e 6 de traballo autónomo). Un deles terá lugar os luns de 18:00 a 20:00 e o outro os venres de 11:00 a 13:00 horas.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento dos devanditos cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Ao final do curso o alumnado deberá realizar unha presentación individual na aula sobre un tema determinado que irá seguida dun debate no que participará todo o grupo.

XVIII. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL. NIVEL C1

Lugar: Sede central de **Ourense**

Destinatarios: Público en xeral estea ou non matriculado nun curso ordinario deste nivel de inglés ou distinto co obxectivo de reforzar as súas destrezas.

Obxectivo xeral:

Capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación e axudar o alumnado a adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua.

Obxectivos específicos:

Comprender, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados que teñen pouca calidade e un son distorsionado.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, parladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversas e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a e captar a intención do que se di.

Participar activamente en conversas informais animadas, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, e nas cales se faga un uso emocional, alusivo ou humorístico do idioma, expresando as propias ideas e opinións con precisión, presentando liñas argumentais complexas de maneira convincente e respondendo a estas con eficacia, facendo un bo uso das interxeccións.

Realizar presentacións extensas, claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con certa extensión, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con ideas complementarias.

Dominar os patróns sonoros, acentuais e de entoación de variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións de uso común e específico segundo as diversas intencións comunicativas.

Axustar a entoación á situación comunicativa e variar para expresar matices sutís de significado.

Acadar un discurso natural e espontáneo na lingua meta sen erros de pronuncia básicos que interfiran no significado.

Contidos:

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permiten ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión e produción de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresión de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos.

Comprensión e produción dunha ampla gama léxica oral de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

- Variantes de sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións (ditongos, tritongos).
- Variantes de sons e fonemas consonánticos e as súas combinacións.
- Variantes de procesos fonolóxicos (enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, etc).
- Formas fortes e débiles: You /can/ would...
- O son Schwa en palabras átonas: the, a to

- Homófonos e homógrafos.
- Cambio de acento segundo a categoría gramatical da palabra: *re'cord* (v.), *'record* (n.).
- Palabras derivadas e compostas e a variación de acentuación e ritmo nas mesmas: *autobiography*, *noticeable*, *economical teapot*, *greenhouse*, *badtempered*...
- Variedades do inglés US, RP, Australian, Scottish, Irish, Cockney...
- Pronuncia de palabras e frases de orixe estranxeira: *fiancé* /,fian'sei/; *rendezvous*/'rɒndevu:/
- Diferenzas entre a variedade estándar británica e americana: *Party* /'pa:.ti/ US /'pɑ:ri/ *twenty* /'twen.ti/ US /'tweni/

Metodoloxía:

Metodoloxía dinámica, activa e con énfase na gamificación e no traballo das destrezas orais. Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral así como exercicios que permitan a identificación dos sons a traballar durante a sesión e que favorezan a práctica das destrezas orais do alumnado. A partir de actividades específicas para reforzar e reflexionar sobre os aspectos fonéticos e fonolóxicos que supoñan maior dificultade para os estudantes, realizarase práctica oral para afianzar a pronuncia e deste xeito mellorar a comprensibilidade e seguridade do falante na lingua meta. O uso de materiais reais facilitará a adquisición de coñecementos o alumnado, á vez que axuda a aumentar a súa motivación ao ver unha utilidade real da nova lingua en situacións e contextos habituais.

Actividades:

Actividades dinámicas e xogos que fomenten a práctica oral e permitan ao alumnado reflexionar sobre os aspectos a traballar na sesión, así como participar en conversas e interaccións sobre temas actuais e de interese.

Materiais:

Internet, CDS , fotocopias, periódicos e revistas tratando temas de distintos rexistros e grados de formalidade e informalidade que se adecúen ao nivel. Uso de materiais e xogos de creación propia que fomenten a práctica dos contidos propios do nivel.

Temporalización:

Haberá dous cursos anuais cunha sesión de 1 hora semanal. Curso de 30 horas, das que 27 serán presenciais e 3 de traballo individual. As sesións terán lugar os mércores de 19:00 a 20:00 ou os xoves de 10:00 a 11:00 e as clases comezarán os día 25 e 26 de setembro respectivamente.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para a casa. Ao final do curso realizarase un exercicio de comprensión e expresión oral coa finalidade de valorar o progreso do alumnado así como una breve presentación oral.

XIX. COMPETENCIA XERAL. NIVEL C1

Lugar: Sección Delegada de **O Carballiño**.

Destinatarios: Público en xeral estea ou non matriculado nun curso ordinario deste nivel de inglés ou distinto co obxectivo de reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaración, mensaxes, anuncios e avisos detalladas, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

Facer declaración públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto

preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinión con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

Contidos:

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permiten ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.

Sociolingüísticos: Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Estratéxicos: Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándoos do proceso dun xeito activo.

Funcionais: Fan referencia os expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

Discursivos: Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Sintácticos: Fan referencia ás capacidades do alumnado a hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

Léxicos: Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de

entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

Metodoloxía:

Realizaranse actividades de comprensión e expresión oral así como exercicios de vocabulario para facilitar o debate nos temas a tratar. Nas actividades de expresión oral o alumnado realizará monólogos e interaccións para reforzar os contidos e estruturas tratadas nese nivel e repasar os de niveis anteriores.

Actividades:

Empregaranse fotocopias e trataranse temas de páxinas web para conversas e debates. escoitaranse audicións e posteriormente realizaranse exercicios de comprensión sobre os cales dialogarán.

Materiais:

Internet, CDS , fotocopias, periódicos e revistas tratando temas de distintos rexistros e grados de formalidade e informalidade que se adecúen ao nivel C1.

Facilitaranse os enlaces de onde se saquen as actividades que serán editadas e adaptadas ao nivel.

Temporalización:

Curso anual de 60 horas, das que 54 serán presenciais e 6 de traballo individual.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Ao final do curso o alumnado deberá realizar unha presentación individual na aula sobre un tema determinado que irá seguida de un debate no que participará todo o grupo.

XX. COMPETENCIA XERAL. NIVEL C2

Lugar: Sede central de **Ourense**

Destinatarios: Público en xeral estea ou non matriculado nun curso ordinario da EOI co obxectivo de reforzar as súas destrezas.

Obxectivos:

Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

Comprender independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.

Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).

Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.

Comprender, interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.

Comprender conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.

Facer presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.

Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.

Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación así como capacidade de reacción e improvisación.

Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.

Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional; identificar actitudes e opinións implícitas e apreciar as relacións, alusións e implicacións de tipo socio político, socioeconómico ou sociocultural.

Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, p.e. variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.

Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)

Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.

Resumir para comprender e producir textos orais.

Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...

Informarse, se hai axudas visuais etc.

Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.

Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Contidos:

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permiten ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.

Sociolingüísticos: Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relación sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Estratéxicos: Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándoos do proceso dun xeito activo.

Funcionais: Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

Discursivos: Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Sintácticos: Fan referencia ás capacidades do alumnado a hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

Léxicos: Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Fonético-fonolóxicos e orto-tipográficos: Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

Metodoloxía:

Realizaranse principalmente actividades de comprensión e expresión oral e algunha de comprensión escrita así como exercicios de vocabulario e pronunciación para facilitar o debate nos temas a tratar. Fomentarase a participación e a implicación do alumnado de forma que eles tamén sexan fonte de inspiración e aprendizaxe dos seus iguais. A profesora será a facilitadora de actividades e dará *feedback* para que o alumnado sexa sempre consciente do seu progreso. O alumnado deberá reflectir sobre o seu proceso de aprendizaxe de maneira que sexan participes da súa avaliación formativa e sexan capaces de ver tanto os seus puntos fortes coma os débiles.

Actividades:

As actividades serán sempre comunicativas e orientadas a mellora da expresión e a comprensión orais. Estarán baseadas no traballo en grupo e por parellas. Utilizaranse tanto textos orais como escritos como fonte de coñecemento sobre o que a posteriori poder discutir, debater, resumir, adaptar e mediar. O alumnado fará presentacións sobre temas do seu interese. Usaranse xogos que fomenten a fala e a participación do alumnado.

Materials:

Empregaranse principalmente medios dixitais para colaborar coa estratexia da Escola de conseguir a longo prazo un centro con papel cero. Habrá unha aula virtual Moodle á que se accederá dende a páxina web da EOI de Ourense e na que se colgarán os materias empregados nas distintas sesións. Utilizaranse aplicacións como: Kahoot, Genially, Baamboozle, Mentimeter, Wordwall, Quizlet, Socrative ou Flippity entre outras. Fomentarase o uso dun diario de clase.

Temporalización:

Habrá dous grupos anuais cunha sesión semanal de dúas horas e unha duración de 60 horas cada un (das cales, 54 serán presenciais e 6 de traballo autónomo). Un deles terá lugar de 17:00 a 19:00 os martes e o outro os xoves de 11:00 a 13:00 horas. Nas 27 sesións de cada curso trataranse 13 temas. Cada tema durará en xeral dúas sesións.

Avaliación:

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

Ao final do curso o alumnado deberá realizar unha presentación individual na aula sobre un tema determinado que irá seguida dun debate no que participará todo o grupo.

Ourense, 25 de setembro de 2024

Ana Belén Rodicio Rodicio,